

A NOSA TERRA retorna hoxe ás loitas da galegüidade acesa de esperanzas e leda de esforzo, renovada a súa fé nos destinos da Patria Galega, despois de longos meses de silencio esixidos pol as angueiras que as circunstancias demandaban aos dirixentes do Partido Galeguista.

Breve repouso despois de dezasete anos de loitar cotián nos eidos da galegüidade. Intre de traballo solermino, no seo dos Grupos e das orgaizaciõs, en días decisivos pra a vida do noso pobo. A NOSA TERRA, despois de este silencio, volta aos camiños, róxos de sol, da Patria que rexurde. A NOSA TERRA fai soar de novo as suas verbas de esperanza no noso pobo.

É a mesma voz que no ano dezaseis crambaba no deserto das nosas vilas, a mesma que no ano vintecatro rachaba os vencillos que afogaban ao noso nazonalismo, espallando, ceibe e limpo, o berro das liberdades, é a mesma que fai ben pouco podía saídar, con tremor de esperanzas, a Autonomía do Pobo Catalán e a garantía da República de Hespaña.

Nesta voz rexa e lene fundiron os seus acentos Viqueira e Lousada, co esta voz espallaron os seus poemas Manoel Antonio e Amado Carballo. Esta é a voz nosa, a dos «boos e xenerosos» a cramar pol-a liberdade da nosa Patria, nõ de todol-os camiños das nosas vidas, vida de todol-os ensoños das nosas i-almas.

Retorna hoxe A NOSA TERRA co seu contido político, órgao de Partido, pois Galicia vive un intre político, cando o noso Partido aspira a refacer o senso da política galega. E retorna nun intre de viva loita, de loita esgrevia, cando Galicia pode lograr «de seu» o recoñecimento da súa persoalidade, cando Galicia debe conquistar de cheo a súa liberdade nacional. Trai como programa o programa do Partido Galeguista; confesa unha disciplina e unha unidade no movemento nazonalista galego. E, por riba de todal-as catíveces da política miuda, asociada a todal-as tristuras da vida labrega e mariñeira, a todol-os sufrimentos e a todol-as dôres, que a liberdade de Galiza redimirá, ergue o berro do noso rexurdir:

«A Nosa Terra é Nosa».



Novas da causa

O domingo derradeiro déronse cinco mitins, orgaizados pol-o Grupo galeguista de Ferrol.

Un en Mugar dos, no que falou Plácido R. Castro, no Centro do P. R. R. S. Outro en San Xoán de Filgueira, no Salón de recreo, a cargo de Victor Casas.

En Fene, no salón do Cinema Lamas, falou Alvarez Gallego. E, por fin, en Miño, deu-se un mitin moustruo no que intervieron varios oradores.

Con ocasión do mitin de Miño orgaizouse ali un potente grupo galeguista, con gran número de socios. Compoñen a directiva os irmáns Francisco Pérez García, Manuel Palmeiro, Inacio Vázquez, Inacio Sieiro e Luis Preibo.

Con ledicia e admiración, temos que destacar a laboura do grupo galeguista ferrolano que, día tras día, loitando con moitas dificultades, logrou crear unha concencia de galegüidade fonda.

Precísanse moitos grupos eisí, e que todol-os que hai seña coma él.

A NOSA TERRA, denantes Boletín mensual do P. G., ao sair hoxe de novo, convírtese en semanario pra diste xeito intensificar a súa laboura patriótica. Estará ao frente da súa directión o noso querido irmán, o notable poeta autor de «Señardá» e «Corazón ao Vento, Aquilino Iglesia Alvariño.

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

ANO XVII

Galicia (Santiago) 24 de Xunio do 1.933

Núm. 298

Diante o plebiscito de Autonomía en que Galicia vai a decidir os seus destinos, non hai partidos, nin castas! Só haberá leales e traidores!

O novo espírito

Por R. CARBALLO CALERO

Cando un Partido político atingue madureza, se non pode, endebén, considerar chegado o momento de esquecer os coidados miuciosos cos que, damente a infancia, vixiouse e protexéuse a nacente orgaizaciõn. Hai doenzas da nenez e doenzas propias da maturidade. Nos tempos da plenitude a profilaxis ha de ser outra, porque outros son os xermes que axexan na sombra pra sementar o mal no corpo colectivo: pro sempre subsisten perigos i-están en pé amenazas.

Un d-istes perigos que deben ter a espreita aos Partidos, no éxtase de adultez indicada, é o da invasiõn do espírito novo: a heterodoxia. O frorecente da orgaizaciõn atrái a ela moitas xentes que non houberan formado nas fias do Partido nos intres iniciás, reixidos pol-a estrela da esperanza e pol-o siño da loita. D-istas xentes, cuia infiltraciõn non sempre é posible evitar, uns son logreiros oportunistas. Compre orgaizar unha sorte de noviciado como tamiz que defenda un pouco contra d-istn mala herba. Mais outros dos que adveñen, nas devanditas circunstancias, aos Partidos políticos en auxe, son xentes de boa fé, conquerdas pol a forza das doutrinas e a realidade dos éisitos; pero xentes de pouca fé, que non houberan creído, cicáis, nos ideás da orgaizaciõn se non os viran trunfantes, ou, pol-o menos, no camiño do trunfo; que non se terían, por conseguinte adherido a causa nos días tristes e heroicos do primeiro batallar.

Pois este segundo grupo de xentes, como non ten seguido paso a paso o desenrolo do programa e a táctica como se formou espiritualmente, cicáis, lonxe do insiño dos grandes guieiros da agrupaciõn, posee a doutrina, a estratexia do Partido, pro moitas vegadas non pösee o seu espírito. No Partido Galeguista, por exemplo, é evidente que existe un programa; pero ao lado de il e supremo, eisiste un xeito de vel-as cóusas, unha conceiciõn do mundo, unha sentimentalidade, un estilo vidal, un tono de conducta, un matiz human peculiar. Todo elo non pode ser recollido n-un programa, i é obra da aportaciõn cotiã dos grandes definidores do galeguismo, que van señalando, cos seus actos miudos cal é o verdadeiro espírito da galegüidade.

Pois trasladando xa definitivamente o razonamento ao noso Partido, éste ten que se precaver contra a invasiõn do novo osprito. Hoxe, o noso Partido siñifica na nosa Terra algo positivo. E por elo aflüen a il moitos homes que comparten os nosos postulados, pero que cicáis non coñecen ese algo máis íntimo que é a nosa espritoalidade. É un feito o choque diario, entõn, antre os vellos galeguistas e os galeguistas novos. Os vellos galeguistas non son somente os que levan moito tempo nas nosas fias. Son os que, chegaran cedo ou tarde, souperon assimilar o espírito clásico da nosa irmandade. Os novos son os que non-o apreñderon, e cren que por compartir as nosas ideás son tan galeguistas como nós.

Alerta ante este perigo. Que non se nos mallee, que non se nos desvirtúe, que non se nos extravie o vello espírito, o espírito clásico, que dou vida ao galeguismo moderno e que encarnan os Risco, os Otero, os Castella. Velehi tres temperamentos ven distantes; pero dificilmente desacordes no esencial da ortodoxia galeguista. A vida é a obra de esos tres homes exemprares, é a mellor escola de galegüidade enxebre, e o continuo, triple muro alzado contra os embates do novo espírito, que é indubidablemente, a heterodoxia.

Ferrol

AOS SUSCRIPTORES

Seguiremos considerando como suscriptores a todol-os que, como tales, viñan figurando nas nosas listas deica agora, si ò recibir iste primeiro número non nol-o devolven á nosa Aministraciõn, Rúa do Vilar, 91 - Santiago.

LUME NOVO

Por VICENTE RISCO.

Alcendéi un lume novo no voso fogar: hai un amor que é xerme e semente de todal as virtudes sociais, o amor ao chán natal. O que por iste amor non vive entorgado na terra, xunguido cos homes, poderá ser un perfeito boneco mecánico que cumpra os seus deberes co aquél dos monifates que no teatrillo da feira xogan con arte o seu rol na praza pública, pra divertiren á mercadores e vendedores; mais non pode ser un home que realmente viva a súa humanidade.

O amor do chán natal encomenza no fogar, baixo da lembranza proteitora dos antergos, a carõn da lareira, pedra angular da sociedade. Pol-o tanto, galegos, alcendéi un lume novo co-ise amor, un lume eterno que teña quentor de terra, de sangue e de tradiciõn; levái aos vosos fillos arredor do lume troncal, e logo saíde a porta da rúa, e chamái por todol-os escarriados, por todol-os que non teñan un lar ou un asento ond'o lume. Os antergos preguntaránles que fixeron do seu herdamento, e os probes escarriados, os probes cegos, os probes esquecidos, se os atopan por ises camiños, non saberán que responder.

Alcendéi o lume sagro do fogar, o lume da caste. Un día, hanse axuntar todol-os lumes da nosa Terra, pr'alcendermos o gran lume da tribu. N-ise día, encomenzará o noso ano xubilar, o ano da gran xuntanza da tribu, o día da restituciõn da nacionalidade, o día da resurreiciõn da i-alma galega.

Un lume que se vexa arder de moi lonxe, e toda a tribu axuntada arredor. Virán os que foron fideles á tribu e os que non lle foron fideles tamén, porque como aquil é o día do gran trunfo, tamén é o día do gran perdõn.

E os homes todos do mundo, ao abesullaren de lonxe a gran fogueira, preguntarán:

—Que é aquil lume novo qu'alí arde, preto do mar?

E responderán outros:

—É Galicia que resucitoul.

A NACIÓN GALEGA

Por FILGUEIRA VAL

DA PERSOALIDADE DE GALICIA

Galicia eisiste. Un nome na carta dos pobos non é un feito entregado ás disputas dos homes, anque si, como a vida human, sometido ás suas apetencias de poder, ás suas arroutadas de gloria, ás suas accións e tamén ás suas inhibiciõs. Dictõu a natureza a variedade das nacións; cabe ao home escoller o lugar onde acougar nos seus días, pero non discutir o lugar da súa nacencia nin a súa caste. Por eso os homes, nacemos avencellados a unha colectividade human, real e histórica. Por eso temos unha patria. E a Patria dos galegos é Galicia.

Galicia eisiste, e Galicia ten unha persoalidade no concerto dos pobos. Veleiquí dous feitos, dependentes un do outro que compre distinguir, porque Galicia pode eisistir, mesmo con perda da súa persoalidade. Pero nós, galegos, temos a obriga de cultivar a persoalidade da nosa Terra.

Os psicólogos efectuan hoxe unha distinción ben clara entre a persoa e a persoalidade. Do mesmo xeito nós podemos estabrecela entre a nación e a nacionalidade, ou, no caso de Galicia, entre Galicia e a galegüidade. Galicia entidade natural, realidade permanente, distinta das outras colectividades humans, idéntica a si mesma na súa proieción histórica, ten unha capacidade pra se coñocer a si mesma. Cando se actúa esta concencia do ser galegos, ou cando os estranos recoñecen este xeito de ser n' un estado actual do suxeto Galicia, d' aquela topamos a galegüidade, a persoalidade galega.

Galicia será pois unha realidade, un suxeto histórico. A galegüidade será unha manifestaciõn de actos e calidades de este suxeto, un estado de esta realidade. E do mesmo xeito que na persoalidade human eisisten as anomalías do eu, cando éste deixa de atribuirse fenómenos, voluntaria ou morbosamente, parcial ou totalmente, ou sofre deformaciõs de diversos xeitos, da mesma maneira, Galicia, pode deixar de poseer o senso da súa persoalidade, pode sufrir deformaciõs que non alterarán o feito da súa eisistencia. Pois a nación que subsiste por riba da concencia e da vontade dos indivi-

duos que forma unha colectividade human e que conserva o seu ser perdurabre na mutabilidade da hestoria pode perder a concencia dos nexos que determinan a súa eisistencia, chegando á anulaciõn da súa persoalidade. Pero na súa historia topará algún día un intre en que a nación recobre a concencia de estes nexos e con ela a súa persoalidade. Será cando a «poboaciõn» se convirta en pobo, no senso «político» da verba.

Da mesma maneira que cando unha cras social colle concencia de si, nos vencillos socias i económicos que a xungen, usa esta verba «pobo» como expresiõn patética, como enfática manifestaciõn da súa solidariedade colectiva; así a nazonalidade xa denantes eisistente ao se decataren das suas características, ao recoñecerse a si mesma, se amostra como un pobo. E o que denantes por natureza era unha nación, agora por concencia e unha nazonalidade.

Apelarei a un exemplo human que como lembranza infantil vive no acervo das nosas lecturas esquecidas. E o «Tarán dos Monos» de Burrouhgs. Tarzán educado entre monos coida que é un mono, pero é unha persoa human, anque él se non decate de elo. E un día tópase a si mesmo a se ollar no espello de un regato. Aquel día o mono Tarzán conqueriu a concencia de si mesmo, sópouse un e distinto na moitedume dos monos da selva. Aquel día Tarzán adquiriu a súa persoalidade.

Un pobo representa pois a eisistencia de un sentimento nacional, de unha solidariedade, de un estado de espírito colectivo. Este sentimento nacional entrana a comprensión por parte dos membros da colectividade do senso de esta solidariedade moral. Como dixo Kerschensteiner, tópase a siñificanza de este «portador colectivo de valores e o estímulo de contribuir á súa perfecciõn».

Isto, que ven sendo a esperencia íntima do nos na teoría spengleriana, do nós mesmos, destaca ou sume a unha nación erguendo ás suas xentes dos lindeiros da poboaciõn aos de pobo. Toda nación terá pois intres en que se sinta a si mesma, na súa concencia

UN MANIFESTO

Apuntes

UNIVERSITARISMO E GALEGUIDADE

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO

activa, e intres en que perda esta concen- do seu ser. A poboación nacional en es- de sono será un pobo en potencia, o de unha nazionalidade en estado de vi- será unha nación en acto.

todo pobo, mellor en toda poboación exurde, a nazionalidade, o sentimento nacional, son íntima posesión de minorías actuais, que espertan ás xentes e lo- en determinados momentos, a vixilia masa. Daquela o pobo enteiro rebasará extremas dos pequenos sentimentos fami- liares e locais e sentirá a chamada de espri- to inmoredoiro, tantas veces xurado en van, que se chama a Patria. Daquela o pobo, nas trebas da an-historia, actuará. Daquela a nación fará «historia universal».]

Pra que a Patria eisista, é decir, pra que a masa en vixilia sinta a persoalidade nacio- nal, pra que o pobo en acto, recobre a prena concencia do seu ser, abonda que as mino- rías intelectuais seipan entregar ao pobo unha «idea», mellor un «ideal» nacional. O sentimento colectivo que entrana a concencia de nacionalidade dota ao pobo da noción da súa particular misión moral, do mesmo xeito que a concencia chama ao ho- me cara a roita dos seus verdadeiros desti- ños. O sentimento nacional marcha pois pa- rellamente ca aspiración dos valores morales do persoalidade. O pobo que perde a súa concencia moral, perde tamén a súa concencia nacional. O sentido do ben e a concencia van emparellados. E o mesmo que no home: a degradación leva cara a deixación morbo- sa, cara as anomalías da persoalidade. O cul- tivo da persoalidade entrana un degoiro de perfección moral. Nun pobo o renovamento da concencia nacional supón unha renacen- cia dos mellores sentimentos. Deste xeito gábase o patriotismo como fonte de virtudes, como estímulo de valores.

O patriotismo leva a un pobo cara a prena posesión das suas características é decir ca- o encontro do que lle é propio, cara o a. O patriotismo leva tamén cara a perfec- das características cara o cultivo do ar.

rxinalia

ISO

NADA MÁIS QUE ISO

omes da Sociedade das Nacións son a perfeita seriedade. As suas consas, troques, son auténticos chistes. Nada máis que iso.

Un día os pobos han de hachartles moita gracia ós seus chistes.

Hoxe atopamos na prensa:

«Ginebra 19.-Reuniuse o Comité dos Tres, integrado pol-os señores Lester, Castillo Ná- jera e Pedroso, para buscar a solución entre Bolivia e Paragway.»

Todo isto.

Máis abaixo:

«A Paz. 19.—O Estado Maior anuncia hoxe que as escuadrillas de Aviación boli- viana bombardearon eficazmente os hanga- res de Poy e Campos Esperanza, as posi- cións de Florida e Nanawa e moitos ca- mións de víveres que iban ó frente. Houbo unha chea de mortos. Catan avións para- guaios en chamas. Outros fuxían á des- bandada.»

Nada máis que isto.

Pero isto ten moita gracia, moita gracia.

No mesmo intre en que morrían centos de homes entre chamas, tres señores moi serios lembrábanse dos soldados que se asesinaban no Chaco. No mesmo intre!

E comentarían:—Sí, sí. Isto temos que arreglarlo.

Un deles —o señor Lester, ó señor Náje- ra, o señor Pedroso— quitaríalle a cinza ó seu cigarro.

Iso é moi importante.

Logo:

—Sí, hai que arreglarlo. O tres de Sant-Ia- go estará todo resolto. Paréceme unha boa data. Así a xente aínda ten tempo de ir ós baños.

E os tres señores, moi serios, saírían do espachiño fofo e quente, cos seus puros nos bolsos, para espallar ó mundo que o 3 de Sant-Iago estará todo resolto.

Toda a xente comprará o periódico. Lerá a noticia e quedará tranquila.

Máis ninguén se irá.

Con todo, eu creio que é un bon chiste.

Nada máis que iso.

ODAUFE

Queremos recoller nas nosas columnas o manifesto que o director do Instituto de Noia, Alvaro das Casas, dirixiu ós irmáns da So- ciedade nacionalista Pondal. Recollemol-o, non no seu senso persoalista de acusación á determinadas persoas, sinon en canto revela ben claramente a desorgaización da nosa

Universidade, dividida en loitas que non lle compren, que a rebaixan i-a desacreditan. Crémos que non podemos consentir que a nosa Universidade, non sendo o que debe ser, seña ademáis un centro de xenreiras, de persoalimos disgregadores e de postu- ras mesquiñas.

Iste é o manifesto:

BEN CAROS AMIGOS:

Cumpríronse dous meses dende a data en que pronunciei a miña confrencia no Paraninfo da nosa Universidade que motivó un eispedente iniciado á pedido de 23 cadeirádegos que non me escoitaran e que me denunciaron ao Sr. Reitor en termos de vio- lencia improcedente.

A confrencia está publicada, espallóuse de abondo e soio dela teño de respondere. Aceito cantas responsabilidás se deriven das miñas verbas, as que sosteño por enriba de todo sin medos nin craudicaciós.

O que move a miña protesta que estóu disposto á berrar aos catro ventos, é o xeito anormal en que se me enxuiza, que me deixa en trance de non poder defenderme nin xustificarme. O caso penso que non ten precedentes nin pode ter semellanza na ademi- nistración de xusticia de ningún país civilizado: fun acusado por xentes que non me escoitaron e cando a confrencia estaba sin publicar; aínda eu estaba iñorante da iniciación do eispedente e xa aparecían na empresa notas que tiñan todo o cheiro de oficiosas e que pra nada me favorecían; participaseme o proceso académico e nin se me dí con suxección á que leises se me encausa nin que preceitos legais quebrantei; sendo certo que dixen a confrencia na miña cativa persoalidade de publicista, invitado pol-os estudantes e autorizado pol-o reitorado, enxuizárame como director do Instituto de Noia e cando pro- testo respeituosamente delo, e insisto en que a miña persoalidade de director de liceo ten unha xurisdición que non pode ser rebasada, nin se me atende nin se me responde; nin se me piden probas, nin testigos, nin se me facilita meio de defensa, e por si fora pouco, mentras eu respectando a serea liberdade do Sr. Istruitor me pecho en doroso silencio, aproveítanse unhas liñas de empresa, que non se referían á mín sinón á loitas internas do Craustro, pra botar nos xornaes todos de Galiza un longo manifesto que firma o señor Reitor cos cinco decanos e a casi totalidade dos numerarios no que se me trae e leva en verbas que non aceito coacionando manifestamente ao Sr. Istruitor. Ninguén pediu nin agardaba o tal manifesto que por vez primeira na nosa historia académica senta un cu- rioso precedente de conversa ao meu ver inaceitabe. Pois ben: agora entérome de que apoiándose en ter asiñado o dito manifesto as autoridades académicas acordaron mandar meu eispediente á Madride, sin darme oportunidade á probar os meus dereitos nin o fon- damento das miñas queixas, escudándose n-unha incompatibilidade que as autoridades académicas provocaron e non eu. Mentras eu me chego á Universidade e agarimosamente enxuizo a súa laboura, os seus mestres máis respetabres préstanse á que a boten no meio da rúa a lixeireza, a falla de ecuanimidade e a aloucada é inédita mocidade de meia dúcea de señores que chegaron aquí como á terra de conquista.

Dixen que a nosa Universidade, en troques de ser o eixe da vida galega, fica de costas á ela sin importarse dos seus problemas. Saben todos que aínda está por xuntarse a comisión que tiña de regular os estudos rexionaes no curso que agora remata; que na biblioteca da facultade de Letras onde se gastaron milleiros de pesetas, onden teñen vo) lumes como a edición castelán de *Sin Novedad en el Frente*, non teñen un libro de Vi- cente Risco, nin de Taibo, nin de Marcelo Macías, nin de Noriega, nin de López Abente, nin de Lesta Meis, nin de Villar Ponte, nin de Fernández Alonso, etc. etc. libros funda- mentais pra o estudo da nosa Historia e o coñecimento da nosa Literatura; que fica sin eispricarse, non sei por qué, o curso de língoa galega; que os nosos alumnos de Dereito rematan sin debruzarse n-un problema económico ou xurídico da Terra e os de Meiciña sin visitar nin por curiosidade centros de estudo como Conxo (con máis de mil doentes e sin acometer problemas como o da lepra que son unha anguria e unha vergonzosa pra o noso país. Clama o ilustre mestre D. Fernando de los Ríos por que a Universidade se encaixe no meio en que se desenrola e faga ensaios de todo xeito, e forme vocaciós, e alente a esperanza das nosas mocidades sempre cobizosas de fitos; esto é o que eu viñen á decir.

Sereamente, doitrinalmente, impersoamente, eispuxen meus puntos de vista ao tratar de O MOMENTO UNIVERSITARIO. Agrilloáronme n-un eispedente e bótanme á Madride como nos peores tempos, como n-aqueles tempos en que nós berráramos ollando ameazada a liberdade de cátedra, esta sagra e secular liberdade que por primeira vez se desminte en Galiza pedindo castigo pra un profesor galego en documento que encabeza o profesor castelán menos chamado á intèrvir n-esfe problema.

Condeado ou absolto eu que e penso que teño dereito á ser xulgado na miña Universidade e á pedir, aos que nin tiveron a bondade de demandar unha eispricación previa nin reparos pra pór en entredito a miña humildísima autorida- de docente, que teñan pol-o menos o valor de arrostrar a responsabilidade d'un- ha sentenza. Cando un profesor vai convidado pol-os estudantes á falar na súa Universidade d'un tema universitario, non é lícito acusalo sin habelo escoitado, encadealo n-un proceso e á final provocar unha cómoda incompatibilidade pra que resolan en Madride como millor entenderan.

Pra cando se depuren situacións e se revisen condutas, quero deixar eis- presa a miña protesta de cidadán e de profesor galego pol-o inxurioso atropello que supón este proceso do que me fixeron protagonista. Poño esta protesta nas vosas máns, irmáns da Sociedade nazionalista Pondal, xa que sodes hoxe a única forza orgaizada que laboura e traballa pol-a liberdade definitiva da nosa Terra.

Pregón

Apenas apareceu o Decreto do 27 de maio derradeiro facultando ó Comité desinado na asamblea desta Cidade, para someter á re- ferendum plebiscitario o projecto de Esta- tuto Galego, aprobado pola mesma, apare- ceron pol-as esquinas os nemigos da Galiza vergonzantes e desleigados.

Ben os coñecemos.

Son os galegos da *Hespaña grande*, que precisan pra remexerse toda a estepa caste- lá, pro que se acomodan ben na cadeiriña edilicia dun concello.

Son os patrioteiriños de chin-chin, que fa-

lan dunha *patria grande* porque pensan que é cousa pra comer.

Son os treidores que quixeran non ser ga- legos, máis que pra vender á súa terra en total-as ocasións.

Son os imbéciles, que prefiren ser embi- cados á comer pol-a súa mán.

Son os homes entendidos, que pensan que Galiza non está preparada pra andar sóia e quixeran metel-a nun carriño de entangara- ñado pra paseal-a pol-a Moncloa.

É isa fauna tráfuga de todosos partidos —de dereitas, de esquerdas, do centro— aca- paradora da vida política dos pobos.

Son os negreiros das nosas liberdades, os traficantes dos nosos concellos.

Dende pouco tempo acó, a situación d-un- ha gran parte da mocidade escolar galega, responde ó imperativo de reconstrucción da persoalidade do noso primeiro Centro de Cultura, pra proclamar de novo o ideal ga- lego, universitario e humano da «Universida- de Galega».

O pobo de Galicia ten de se tornar cara á ila. A custión do idioma, o problema rei- vindicativo do insiño, deben ser atrelo de solidariedade de todol-os galegos conscentes. Iste é o verdadeiro problema nacional ó cal teñen todos a obriga de consagrar as mello- res enerxias.

Os mozos enrolados no movimento que turra por conquistar a incorporación da Uni- versidade á vida do país, necesitan que a súa laboura atope eco e axuda no pobo. Que os seus intentos non fiquen no valde- ro da indifrencia. Da indifrencia que é abu- lia e pasividade premeditada, valedora in- consciente do imperio d-un insiño oficial que non recoñece o noso, que priva a expansión da nosa lingua, que amordaza o noso espírito e comete un ato de tiranía incalificable nos eidos da nosa cultura.

Compre erguer o berro de revolta escon- tra da ignominia que representa deixal-a nosa terra asulagada de escolas forasteiras e de escolantes anti-galegos. Compre dar un combate diario ó asimilismo: ó profesorado extrano e contrario en espírito i-en corpo ós nosos problemas, e á inercia dos nosos ho- mes.

Hai que constituir a avangarda da gale- guidade, antre os estudantes, dentro da Uni- versidade, sin se sentir dobregada nin des- animada diante da inxusticia. Concretar total-as nosas forzas no lema de Universi- dade Galega, hirmandando ós estudantes da patria pra dal-os á gran familia dos estu- dantes do mundo.

Iste ten de ser o noso universalismo: la- boura de galeguidade e laboura de universa- lidade, non de cosmopolitismo.

Un cadeirádego castelán, que como alloo ó noso espírito non nos pode sentir nin con- prender, tachóu a nosa obra de localista, n- miga do progreso, oposta ó cosmopolitismo. Ten razón ó chamarnos anti-cosmopolita , pro ilo mesmo xustifica o noso afán de pro- greso e de civilidade. Nós teimamos cre- r valores universáes, máis isto non significa a i- milarse os valores xa criados por outros po- bos, sinón que, pol-a contra, indica o impo- ñer no mundo os nosos valores. Non aspira- mos a cosmopolizar Galicia, senón a gale- guizar o mundo. Velehí a confirmación que decía denantes: galeguidade e universalida- de, denominador común do noso universita- rismo.

Galeguismo que escomezará introducindo o idioma e a cencia galegas dentro da Uni- versidade, coa inmediata creación de cadei- ras da cultura propia, base pra xurdimento d-unha nova cultura rexa e puidente.

Universalismo que practicaríamos estudan- do galegamente o universo, enchendo os ar- ceios da nosa laboura coa nosa esencia ínti- ma, pra entrar asin directamente en relació coa humanidade, con todol-os pobos que a integran dos máis diversos xeitos.

Pero Galicia non poderá endexamáis for- mar parte do concerto universal das letras si Galicia non é totalmente galega, e isto quer decir, falando galego, xa que a lingua é esencial á súa persoalidade.

Temos, pois, que considerar con serieda- de o problema lingüístico como base de un- ha cultura característica e propia. E ilo so- mentes se conquistará facendo unha Univer- sidade compreta, como se debe facer, sin perdel-o tempo con decretos centralistas —como dixo Viqueira—, senón dende o no- so país poñer as bases pra unha Universida- de Galega que na súa orgaización recolla canto hai de bon nas Universidades do mundo.

Son, nunha verba, os treidores, os desle- gados, os imbéciles.

É preciso n-este intre decisivo que todol- os bos galegos, —os que sabemos que é ser primeiro galego, ceibe i-autóctono, para lugo sér con dinidade un cibdadán de todo o mundo— nos diamos conta dista fauna in- solvente, das suas enganifas, das suas far- sas, para taparilles a boca, para desprazalos.

A posición do Partido Galeguista diante o Estatuto

Considerámonos obrigados á espricar, neste número con que reaparez A NOSA TERRA, cal é a posición do noso Partido ante o Estatuto.

Pra os que teñen seguido con algún intrínseco a liña de conduta do galeguismo, tal espricación non cumpriría, pro non estaría de máis pra moitos; sobre todo pra que poidan comprender as razóns do silencio que, despois da publicación do decreto autorizando o plebiscito, se impuxo ao Partido e que á algúns pode parecer estrano.

A conduta do Partido Galeguista é hoxe tan lóxica —e inda diríamos tan clara— como sempre. Con unha absoluta lealtade pra os compromisos adequeridos diante das representacións de toda Galicia na inesquecible Asamblea de Compostela, o Partido fixo unha campaña estatutista intensa e afevada e levóu despois ao Parlamento do Estado a protesta enérxica de Galicia ante o trato, desconsiderado, desigual e inxusto, dun Goberno central, que, pra mór indignación, se chamaba autonomista e puxera en atender ás peticións dos outros pobos a máis grande dilixencia.

O resultado dista laboura, que na mór parte das ocasións tivemos que facer compretamente soios, sen querer reparar na falla de asistencia dos que tiñan o mesmo compromiso que nós, foi a publicación do decreto no que se autorizou o plebiscito e por virtude do que se deu valideza legal aos acordos da Asamblea de Compostela quedando recoñecida a persoalidade do Comité nomeado por acordo dos Concellos galegos.

Galicia—por obra principal e casi escrusiva do Partido Galeguista— dispón xa de medios de conquistar axiña a facultade de definir gobernándose de seu e ceibándose de camiño da mór parte dos danos e inxustizas de que é ouxeto. O Partido cumpliu, pois, a súa misión e a primeira parte dos seus compromisos. Agora o Comité central e Galicia decidirán. O Partido sabe cal é a súa obriga, asegún o que ocurra; tócalle

niste intre agardar, recobrando forzas e templando o seu aceso entusiasmo pra se poder lanzar, novamente, a cruzada de redenzón da Patria Galega, con máis azos que endexamáis, en estreito contaito e irmandade con cantos, leales á nosa Terra, cumplen o compromiso que adequeriron.

Supoñemos que as cativices partidistas e persoales sufrirán unha tregua ante os sagros intreses da nosa Patria. Agardamos que ninguén quererá botar enriba de si a enorme responsabilidade de contribuir á que Galicia siga padecendo os grandes danos e inxustizas que ven sufrindo. Non podemos, nin queremos pensar que, chegado o intre supremo, a nosa Patria sexa vendida novamente por traidores.

Hoxe é día de tregua, de irmandade e de espranzas, que se non se cumplisen, sinalarían ao galeguismo unha nova roita, novos vieiros, que tamén saberíamos andar sin vacilacións.

Un mítin socialista

Celebróuse en Santiago un mítin socialista, orgaizado pol-a agrupación dista cidade. Nil pensaban tomar parte catro deputados do partido. Xentes alleas, sindicalistas e comunistas—no senso en que éstas verbas non teñen xa ningún contido limpo— convertiuno nunha cousa noxenta, sin outura e sin limpeza. Os mesmos deputados baixaron ao mesmo nivel. Falouse do problema económico galego sin fe e sin coñecemento da súa realidade. Logo xa non se falou de nada porque se falou de todo. Da intolerancia, da revolución francesa, do librepensamento, do arzebispo de Santiago, de Bakunin, de Casas Viejas. Logo suspendeuse o mítin. Foi o millor. É algo vergoñoso que a xente chegue a istos actos con prevencións, tan mesquiñas que dan por resultado algo tan noxento coma o mítin do domingo.

Crónica da semana

ESTRANXEIRO

Duas Conferencias internacionaes: a Conferencia económica de Londres, a Conferencia internacional do Traballo. As dúas de máisima importancia. Foron a preocupación da semana. Grandes figuras da Economía, en periódicos i-en conversacións oficias, denunciaron a gravidade deste momento internacional, i-a necesidade de resolvelo perentoriamente. Dende a Guerra Europea, levamos asistido a catro conferencias económicas. Nunca, como desta, se asistiu coa crispación desesperada do que sabe que é a última instancia. Si na Conferencia económica non trunfa a seriedade i-a cordialidade; si empezan os persoalimos, as intrigas, i-o amor propio; toda a vella patrioteiría que os representantes das nacións levan consigo, como unha costra de incompreensión, que os incapacita para a transixencia xenerosa dise anseio universal de fraternidade que nista hora sinte o mundo, a Conferencia económica fracasará. Coma as outras todas, será unha engañifa máis. Pero con ela fracasarán moitas cousas. Alemaña é a primeira nación que mostra a falla da súa cordialidade co mundo. Retirouse da Conferencia Internacional do Traballo. Dícese que se retira da de Londres. Francia levóu a Conferencia os seus tiquismiquis. Norteamérica a súa cubiza. Ningunha a sinceridade do seu vivir. Diste xeito, non sabemos que cabe esperar como resultado dista Conferencia en que todol-os que se dan conta da gravidade do momento, créen, coa fiducia tráxica de quen sinte afogarse nunha Civilización que se afoga, e que só eisi—pensan— puideran salvarse, salvándoa.

Istas inquedanzas por un lado. Ademais, moitas negociacións en Xinebra. Entanto, asesínanse irmáns no Chaco.

HESPAÑA

Loitas políticas na Cámara. Acusacións. Falla de limpeza en total-as cousas. Un home que fala con sinceiridade. Aplausos. Ise home fala ben. Pero despois, nada. E eisi

vamos indo. Así nos vamos matando sentil-o. Concupiscencia partidista. Ao Goberno, pra que se vaia.

En total-as loitas, ambicións persoais. Nin un anseio de reforma, serenamento. O goberno, pol-a súa parte, está realizándose en defensas de postos, cuestións de confianza. E a vida íntima das rexións afogada.

E os conflitos, planteados cada vez dunha maneira máis tráxica. En Salamanca a Guardia Civil desbanda a culatazos as rogas de traballadores que de Galicia e de outras bandas van a buscar pan para os seus fillos, Opóñense os do sindicato de alí, porque son traballadores calificados. Todo isto é noxento. Pero non hai que facerlle. A xente non se entera destas cousas. Ten abondo co Dictamen da Comisión de Instrucción Pública, concedendo a xubilación voluntaria con todo o soldo que disfruten, a cantos cadeiradegos, profesores, inspectores e mestres de escola a pidan, e co a vista polas cousas de Agosto en Madri. As declaracións dos tenientíños de complemento, dos señoritos distraen moito, coa súa agudeza, coa súa finura. E despois de todo, parece que pra iso estamos: Para distraer a xente.

GALICIA

En Galicia non pasa nada. Todo tan tranquilo como sempre. Tivemos grandes festas en Ourense, concurso de bandas, certamens literarios e todo. Miliña Docet, encanto da nosa Terra. Todol-os vieiros están cheos da súa gracia. Os nosos problemas todos están en pe. O Estatuto anclado. A cada momento a preguntar pol-o plebiscito. Ninguén sabe que responder. Os nosos labregos abraidos pol-a baixa das carnes. Osobreiros botados de total-as bandas: de Salamanca, de Madrid. Os conserveiros en líos mesquiñas que venen agravar máis a súa situación. Os ferrocarrís como sempre. Non nos dá os trens. No entanto o señor ministro de Obras Públicas, por Madri e Barcelona, está a liñas subterráneas para non sabermos. Nós poremol-os cartiños.

6.º Práctica das institucións de democracia directa —referéndum, recall, concello aberto— na orgaización política galega.

7.º Adopción de procedimentos eficaces que eviten a corrupción electoral e o falseamento da vontade popular.

8.º Control xurisdiccional sobre a actividade administrativa e fiscal do organismo galego e dos concellos.

9.º Responsabilidade económica da administración pol-os danos que os seus axentes causen ós particulares no exercicio das funcións públicas.

III.—TRABALLO

1.º Apricación á Galicia das normas internacionaes da lexislación do traballo.

2.º Recoñecimento de dereitos sindicais.

3.º Réxime integral de seguro social, previsión e xusta participación familiar do traballo no beneficio.

4.º Eliminación dos menores de 16 anos do traballo industrial e regramentación e vixilancia do seu traballo familiar, facéndoo compatíbre ca súa formación física e moral.

5.º As escolas de traballo e os ingresos que as manteñen aferidos ó poder galego. Creación de escolas de orientación profesional.

IV.—PROBLEMA AGRARIO

1.º Creación de centros técnicos de investigación i-esperimentación agrícola, forestal e pecuaria, con seccións adicadas á orgaización cooperativa, divulgación i-enseño directo.

2.º Estacións pra ensaios de selección e alimentación animal. Escola Veterinaria.

3.º Medidas lexislativas que favorezan a orgaización cooperativa e a sindicación facilitando a adopción de métodos de mellora e selección agrícola e gandeira e o fomento do creto agrario.

4.º A repoboación forestal patrimonio de Galicia. Repoboación intensiva dos montes comunales pol-o orgaismo galego e creación e fomento de zonas de pastoreo. Sindicación forzosa pra a repoboación dos montes de propiedade privada. Protección da industria madeireira. Seguro forestal.

5.º Medidas lexislativas i-económicas que intensifiquen a electrificación rural.

6.º Regramentación da edificación rural en orde á hixiene e de acordo co arte paisán e cas comenencias locais. Concursos que movan ó estudo e divulgación de pranos pra construcións modelo. Estímulos económicos pra a súa execución.

7.º Libre importación do millo, namentras o consumo da poboación e o cambio hacia unha alimentación máis racional do gando así o esixan.

8.º Escolas rurales de formación campesiña que soergan a comunidade aldeán fomentando o espírito comunal, inculcando o apego ó chán nativo e sentando unha ampria base de cultura técnica e agraria.

9.º Regulación da propiedade rural tendendo á libertala de toda carga pra quen a traballa:

a) Arrendamentos.—Limitación do dereito de propiedade sobre fincas arren-

Partido Galeguista

DOCUMENTOS.—I E II ASAMBREIA.—1931 - 1932

O Partido Galeguista añuda unha xa longa tradición política reivindicadora da persoalidade galega, pero na súa estrutura actual é unha orgaización recente. Foi na Asamblea celebrada en Pontevedra nos días 5 e 6 de Nadal do 1931 cando ficou constituído baixo un programa e unha disciplina que acataron total-as entidades nazionalistas, autonomistas e galeguistas que en forma illada, pero con afán cheo de fondo patriotismo, viñan traballando nos eidos da galeguidade.

Na Xuntanza de Pontevedra, que pode considerarse como unha continuación das asambleas nazionalistas celebradas entre os anos 1918 e 1922, estiveron representadas as Irmandades da Fala da Cruña e Betanzos, de tan limpa historia no movemento galego; as Irmandades e Xuntanzas Nazionalistas de Sant-Iago, Pontevedra, A Estrada e Viveiro, seguidoras da obra da I. N. G. perante os anos da Dictadura; os Grupos Autonomistas de Vigo, Arbo, Cañiza e o Grove realizadores de unha laboura esgrevia en galeguidade i-en senso político, e dous partidos galegos e galeguizantes o Partido Nazionalista Republicán de Ourense que no 14 de abril conquerira un forte trunfo e que levara ás Cortes Constituintes ao noso irmán Otero Pedrayo, logrando amprias votacións pra outros candidatos como Vicente Risco e Romero Cerdeiriña, e o Partido Galeguista de Pontevedra, principal animador da Asamblea, que, loitando compretamente soio, sacara tamén nas eleccións pra as Constituintes a Castelao, e outivera un nidio trunfo moral pra as figuras de Paz Andrade e de Caballero nillas que con él se presentaban.

Aos Comités de estas orgaizacións engadiuse a forza de ideal e sacrificio que representan as actividades dos galeguistas de América. A Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturales da República Arxentina e a Orgaización Republicana Galega Autónoma de Bos Aires por medio dos seus persoeiros Alonso Ríos e Suárez Picallo axuntáronse n'aquela Asamblea á obra do Partido Galeguista.

Con estas orgaizacións, en número de vinteduas, formaron o Parti-

interpelación dos diputados galeguistas

Por razóns de espacio, vamos á extrair en catro verbas os discursos que con motivo da derradeira interpelación, pronunciaron na Cámara os deputados galeguistas Castelao, Otero Pedraio e Suárez Picallo. Algún día aparecerá no folletón de «Nosa Terra» toda a labourea realizada no Parlamento pol-os nosos persoeiros. Faremos entón cos seus discursos uns folletíns para o pobo, para que en todol-os rechicantos de Galicia se seipa quen se lembra dela para redimila e quen para explotala.

DISCURSO DE CASTELAO

O discurso de Castelao foi unha acusación enérxica dirixida ao Poder Central pol-os aldraxes de que se fai ouxeto á nosa Terra. Expuxo o trazado absurdo dos nosos ferrocarrís, o abandono criminal en que se teñen os nosos trazados, a razón que asiste á Galicia en todo o que pide o asoballamento que significa o desprezo con que se tratan os problemas da nosa Terra. Falou logo do absurdo da política dende Madrid, do caciquismo imposto dende as camarillas da capital centralista, da morte e resurrección estúpida de monifates á que todo iso da lugar.

DISCURSO DE OTERO PEDRAIO

O discurso de Otero Pedraio versou sobre o papel da nosa cultura, sobre a sua importancia e a sua significación no mundo. Manifesto os bárbaros atentados que se cometen e levan cometido, pola reorganización dos estudos na Universidade, nos institutos, nas escolas, pola reorganización inmediata, coa que o Goberno central permitiu que se

fixera en Cataluña, n-un xesto magnífico, pero outamente aldraxante para nós, polo trato de desigualdade que supón, sin razón que o xustifique.

DISCURSO DE SUÁREZ PICALLO

Enérxico, duro e dino, falou Suárez Picallo dos máis apremiantes problemas sociais e económicos que hoxe temos planteados como dilemas de vida ou morte, e aos que os poderes centrais opoñen sistemáticamente a sua xordeira, o seu desprezo e a sua mala fe. Os problemas gandeiros que teñen a sua raíz máis que en nada nas torpezas dos gobernos hespañoles. Os problemas conserveiros, do millo, das madeiras, etcétera, que non se fixo nada por resolvelos, que se desconocen, causando un perxuízo incomparable para o noso desenvolvemento económico.

Diante dista atitude dina e documentada, inda é iste o momento que o Goberno está calado. Esperamos que dará unha solución, unha disas solucións que hai que estudalas moito para que non solucionen nada.

UNHA LEICIÓN

Co ista interpelación púxose de manifesto que, como galegos, non se pode ter máis que un partido: o galeguista. Só os seus representantes nas Cortes poden con liberdade e pureza de espírito falar das nosas cousas. Os máis non representan á Galicia. Poden decilo, mais se o din minten. Só os representantes xurdidos do galeguismo —Castelao, Otero, Picallo— lograron con independencia facer oír a sua voz, a voz da Galicia auténtica, no Parlamento hespañol, quizaves

pol-a primeira vez dende que Galicia perdéu o seu voto en Cortes. Só iles compriron o seu deber. Os outros, deputados galegos, que aman a Galicia como el que máis, por ben parecer, quixeron tamén facer que facían. Pero o que fixeron foi enliarse en comadreos e baixeiras, fallos de toda dinidade, de toda limpeza de espírito. Galicia pra iles non representaba nada. Era un pe para defender as suas cousas, os seus xefes, os seus protexidos, toda isa vida de somas empordadas que acostuman á levar ao Parlamento. I-eisí ten que ser. Calquera partido político que teña un programa á base de intreses de cras, ou o que é máis, de política persoal, ten que supeditar todo á isa cras, ás zaramalladas políticas dises homes determinados.

Os intreses dos pobos que representan —os intreses de Galicia non son precisamente unha carreteira, unha ponte, un instituto— serán dados de lado ou serán atacados, según conveña, nunca os poderán encarrar en razón da sua pura presenza. E máis n-iste momento en que a vida d-ises partidíños —de moitos d-eles— depende d-ista tangarañada de política centralista, que eixe soster ises mesmos problemas para vivir.

Coidamos que con iste caso por diante,

todol-os galegos podían ver claro n-iste asunto, i-en consecuencia, coñecer á xente que mandan ó Parlamento.

É posibel con todo, que non sirva de nada iste escarmento.

Dende 1919, conquistaron a sua liberdade autonómica Filandia, Estonia, Lituania, Polonia, Checoslovaquia e Irlanda. Teña tamén Cataluña. Están pra tel-a Vasconia, Escocia i-o país de Gales. Isto só en Europa. E, logo, inda hai moitos galegos que pensan que a liberdade dos pobos de étnica natural autóctona é unha cousa inventada pol-os galeguistas.

Imp. NÓS, Rúa do Vilar 15. Santiago

OUXETOS DE ARTE
VAXILLAS DE TODAS CRASES
CASA MARINHO
OLIVA 11 E SARMIENTO 3
PONTEVEDRA

**GALEGOS
LEEDE A NOSA TERRA**

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO. PESETAS 17.000.000,--
CAPITAL DESEMBOLSADO. " 11.000.000,--
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. " 14.073.530,74

CASA CENTRAL: A CRUÑA :: 35 SUCURSAES EN GALICIA

CONTAS CORRENTES Á VISTA E A PRAZO CON OU SIN LIBRETA
INTRESSES Á VISTA. 2 E MEDIO POR 100 ANUAL
CON OITO DÍAS DE PRE-AVISO 3 POR 100 ANUAL
A MAIORES PRAZOS, A CONVIR

CAIXA DE AFORROS, INTRESSES: 3 E MEIO E 4 POR 100 ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO
COMPRA VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :: DEPÓSITO
DE VALORES COBRO DE CUPÓNS E DEMÁIS OPERACIÓNS DE
BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

PARTIDO GALEGUISTA

DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

- I Galicia, unidade cultural.—Afincaemento das características da personalidade galega: lingua, arte, espírito.
- II Galicia, pobo autónomo.—Autodeterminación política de Galicia dentro da forma de goberno republicana.
- III Galicia, comunidade cooperativa.—A terra pra o Traballo; o traballo pra a Terra.
- IV Galicia, célula de universalidade.—Anti-imperialismo, federalismo internacional, pacifismo.

Programa do Partido aprobado na I Asambreia

Ponencia: Comité Xeral do Partido Galeguista de Pontevedra

I.—ORGAIZACIÓN DE GALICIA

- 1.º Creación d-un orgaismo galego de base exclusivamente democrática e con facultades deliberantes pra rexir, con autonomía integral, os intereses da Galicia.
Como aspiración mínima e inmediata, atribución a aquel orgaismo do máximo de facultades que a Constitución da República concede ós territorios autónomos.
- 2.º Consequente supresión das Diputacións Provinciales.
- 3.º Prena autonomía municipal, recoñecendo a personalidade administrativa da parroquia rural e da comarca, con dereito a administración dos seus peculiares intereses.
- 4.º Incorporación a Galicia das terras colindantes que teñan comunidade étnica, histórica e lingüística con ela, sempre que se determinen a elo por medio do plebiscito.

II.—POLÍTICA

- 1.º Igualdade de dereitos políticos pra a muller.
- 2.º Prenitude de dereitos políticos pra os funcionarios.
- 3.º Incapacidade dos que, podendo, non rindan función útil á colectividade, pra ser eleixidos pra cargos políticos.
- 4.º Estudo de unha fórmula que permita os emigrantes ter representación directa na orgaización política da Galicia.
- 5.º Representación proporcional, con grandes circunscricións, pra elección da Diputación de Galicia.

Pontevedra, Xaneiro de 1.933.